



Veciños Android

Vilarmajor
(bandomovil)

Veciños iOS

DESCARGA A APLICACIÓN GRATIS

O Concello de Vilarmajor pon a disposición d@s veciñ@s un novo servizo municipal: **“VilarmajorInforma”**.

Todos os bandos, anuncios, noticias e información municipal do Concello poderá recibirse de forma inmediata a través do móbil.

¿Cómo disfrutar do servizo municipal?



Se dispón dun teléfono **Android** pode descargar a app de 3 formas:

- En Google Play (Play Store), buscando a app como “VilarmajorInforma”.
- -A través da dirección:
<https://play.google.com/store/apps/details?id=es.bandomovil.vilarmajor.informa>
- -Mediante o código QR da esquina superior esquerda deste anuncio.



Se dispón dun teléfono **iOS** (iPhone) pode descargar a app de 3 formas:

- En App Store buscando a app como “bandomovil”.
- -A través da dirección:
<https://itunes.apple.com/us/app/bandomovil/id1049832681?l=es>
- -Mediante o código QR da esquina superior dereita deste anuncio.
Unha vez instalada a app en iOS, o servizo iniciaráse seleccionando Vilarmajor Informa

Os veciños que non dispoñan de terminais compatibles, como por exemplo os que usen Blackberry ou Windows Phone, poden consultar toda a información municipal que o Concello publique desde a seguinte **páxina web** adaptada a teléfonos móbiles:

www.bandomovil.com/vilarmajor



CASA DO CONCELLO 981 78 17 09

De 9.00 a 14.00 h.

O Concello de Vilarmajor dispón da súa propia páxina web:

www.concellodevilarmajor.es

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

r/ Armada, nº 1- 15637 Vilarmajor - Tfno. 981 78 19 16
servizos.sociais@vilarmajor.es



Nadal 2023/24



O Alcalde e a Corporación
Municipal do Concello de Vilarmajor
deséxanos que o Nadal e o Novo Ano
veña cargado de felicidade para
todos os veciños e todas as veciñas.



VISITA DE PAPÁ NOEL Á ESCOLA DE TORRES E CASAS NIÑO

Papá Noel visitará as nenas e os nenos do CEIP de Torres e das Casas Niño o día 21 de decembro, antes de que marchen de vacacións, recollerá as peticións que lle fagan tódolos nenos e tódalas nenas.

DATA: **21 de decembro de 2023**
CASAS NIÑO, VISITA CONXUNTA EN VILARMAIOR: **11:00 h.**
ESCOLA DE TORRES: **11:30 h.**

TITERES CACHIRULO CO SEU ESPECTÁCULO “XELA CONTRA O DRAGÓN TRAGA-VERBAS”

A compañía de Teatro de Monicreques achéganos o seu espectáculo de aventuras para tódolos públicos a partir de 2 anos.

Trata a importancia do uso cotiá da lingua galega e da conservación da nosa identidade.

A compañía Títeres Cachirulo inicia a súa actividade no ámbito do teatro de monicreques no ano 1985 e, dende entón, leva realizados máis de 35 montaxes de teatro de bonecos combinando textos clásicos con autorías propias dunha gran variedade técnica.

LUGAR: **Casa da Cultura en Vilarmaior**
DATA: **martes, 26 de decembro de 2023.**
HORA: **17 horas.**
PUBLICO: **infantil e familiar**
DURACIÓN: **50 minutos.**



DANI POLO presenta ENMAXIARTE

Dani Polo preséntanos o seu espectáculo “Enmaxiarte”, é un dos espectáculos revelación no mundo da maxia, chega un show completamente novidoso, con efectos máxicos realmente asombrosos.

Un espectáculo para toda a familia onde se mesturan diferentes elementos, maxia participativa, humor e ilusións de gran impacto!

Sen dúbida un plan perfecto para ilusionarse e viaxar polas diferentes ramas da arte da maxia.

DATA: **venres, 29 de decembro de 2023.**
LUGAR: **Casa da Cultura en Vilarmaior**
HORARIO: **17:30 horas**
DURACIÓN: **75 minutos.** *Para tódolos públicos.*

VISITA DOS REIS MAGOS AO CONCELLO DE VILARMAIOR

Os Reis Magos de Oriente visitarán o concello de Vilarmaior o xoves 4 de xaneiro de 2024.

Recibirán ás nenas e nenos, repartirán agasallos e caramelos e recollerán as cartas cós encargos e desexos de cada un destes.

DATA: **XOVES, 4 DE XANEIRO**
LUGAR: **PAVILLÓN POLIDEPORTIVO**
HORARIO: **16:30 HORAS.**



CAMPAMENTO DE NADAL

Para nenos e nenas de infantil e primaria (de 3 a 12 anos)

- **Días:**
Decembro: 22, 26, 27, 28 e 29
Xaneiro: 2, 3, 4 e 5
- **Lugar:** Casa da Cultura
- **Horario:** de 09:30 a 14:00 horas, con servizo de madrugadores desde as 08:30 horas.
- **Prazas limitadas**
- **Prazo de inscrición** até o 15/12/2023
- **Cota:** de balde

VIAXES AO BALNEARIO DE GUITIRIZ

As persoas interesadas en participar no ano 2024 nesta actividade, terán que formalizar por escrito a solicitude de preinscrición. Terán preferencia as persoas empadroadas e maiores de 65 anos.

O prazo estará aberto ata o venres, 26/01/2024, inclusive.

Datas das Viaxes:
Febreiro: 5, 19 e 26
Marzo: 4, 11 e 18
Saída: O Tres, ás 15:00 horas.
Regreso: sobre as 19 horas.
Cota: **15 €/día**

Equipación: gorro de piscina, chanclas de goma, bañador, toalla e/ou albornoz.

